

REGULAMENTO SOBRE ADSCRICIÓN DE INVESTIGADORES DA UDC A ENTES INSTRUMENTAIS DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de 29 de outubro de 2013

Unha das características propias da actividade investigadora e de transferencia das universidades públicas é a súa canalización a través de múltiples estruturas organizativas, que desenvolven formas diversas de colaboración institucionalizada público-público ou público-privado para a execución de proxectos e traballos de investigación.

A Lei 6/2001, do 21 de decembro, Orgánica de Universidades, na redacción dada pola Lei Orgánica 4/2007, establece no seu artigo 84 que *“Para a promoción e desenvolvemento dos seus fins, as Universidades, de seu ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, e coa aprobación do Consello Social, poderán crear empresas, fundacións ou outras persoas xurídicas dacordo coa lexislación xeral aplicable. Será de aplicación o disposto na Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, así como na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación”*. Estas últimas leis (por exemplo, arts. 34 e 35 da Lei 14/2011) apostan polas fórmulas de colaboración institucionalizada para o desenvolvemento de proxectos e iniciativas no ámbito da investigación, a innovación e a transferencia, sexan entre institucións públicas e/ou institucións privadas.

Consecuencia do anterior enfoque legal é a necesidade de impulsar e regular a mobilidade do persoal investigador.

O artigo 68 da LOU establece que a dedicación a tempo completo do profesorado universitario será en todo caso compatible cos traballos científicos, técnicos ou artísticos previstos no artigo 83 da LOU. Así o reitera tamén o artigo 87 dos vixentes Estatutos da Universidade da Coruña. O artigo 86.6 dos nosos Estatutos establece que a Universidade fomentará a mobilidade dos profesores, para o cal este mesmo artigo regula unha serie de licenzas de formación, así como a posibilidade de outorgar comisións de servizo noutras universidades ou organismos públicos por un curso académico, renovable por igual período. Característica da comisión de servizos é que o pagamento das correspondentes

retribucións sexa asumido polo organismo receptor (art. 6.2 Real Decreto 898/1985).

O aínda vixente Real Decreto 898/1985, do 30 de abril, sobre réxime do profesorado universitario, regula no seu artigo 8 as licenzas a efectos de docencia e investigación. Ademais, no artigo 5.5 dispón que *“Las Universidades que, al amparo del artículo 10.3 de la Ley de Reforma Universitaria, tengan establecidos Convenios de colaboración con otras Instituciones docentes o investigadoras podrán autorizar a su personal a desarrollar su actividad en estas Instituciones por períodos definidos de tiempo previa aprobación por los órganos de gobierno correspondientes y en los términos que establezca el Convenio. Igualmente, las universidades podrán acoger a los investigadores/profesores de las otras Instituciones en los mismos términos y condiciones”*. O artigo 10.3 LRU dispuña que *“Asimismo, mediante Convenio, podrán adscribirse a las Universidades como Institutos Universitarios, instituciones o centros de investigación o creación artística de carácter público o privado. La aprobación del Convenio de adscripción se realizará en los términos establecidos en el número anterior”*.

O lexislador estatal introduciu no artigo 17 da Lei 14/2011 unha aposta xeneralizada pola mobilidade do persoal investigador: *“(…) se potenciarán la movilidad y el intercambio de investigadores entre distintos agentes de ejecución, públicos y privados, en el ámbito español, en el marco de la Unión Europea y en el de los acuerdos de cooperación recíproca internacional y de los acuerdos de colaboración público-privada, que se desarrollarán en el marco de la Estrategia Española de Ciencia y Tecnología o de la Estrategia Española de Innovación, de acuerdo con los términos previstos en esta ley y en el resto de normativa aplicable”*.

Esta aposta se concreta optando, en primeiro lugar, pola adscripción temporal sen abandono do servizo activo como situación administrativa ordinaria de canalización da mobilidade.

Así, a alínea 2 do mentado artigo 17 establece agora que *“Las Universidades públicas, los Organismos Públicos de Investigación de la Administración General del Estado, los Organismos de investigación de otras Administraciones Públicas y los centros del Sistema Nacional de Salud o vinculados o concertados con éste, podrán autorizar la adscripción del personal investigador que preste servicios en los mismos a otros agentes públicos de investigación, y a otros agentes privados*



sin ánimo de lucro que sus órganos de gobierno tengan participación de aquellas instituciones públicas. Asimismo, podrán autorizar la adscripción de personal investigador procedente de otros agentes públicos de investigación. En ambos casos el objeto de la adscripción será la realización de labores de investigación científica y técnica, desarrollo tecnológico, transferencia o difusión del conocimiento, o de dirección de centros de investigación, instalaciones científicas o programas y proyectos científicos, durante el tiempo necesario para la ejecución del proyecto de investigación, y previo informe favorable del organismo de origen y de acuerdo con lo que los estatutos, en su caso, establezcan respecto al procedimiento y efectos de la adscripción".

En virtude de todo o anterior, e para dotar da necesaria seguridade xurídica esta materia, establécense a seguir as normas relativas ao procedemento de adscrición de investigadores da UDC aos entes instrumentais de investigación e transferencia da Universidade da Coruña.

Artigo 1. Obxecto

1. O presente regulamento ten como obxecto a regulación do procedemento e efectos da adscrición temporal dos investigadores da Universidade da Coruña ás entidades instrumentais de investigación e transferencia da Universidade da Coruña.

2. A adscrición poderá ter por obxecto a realización de labores de investigación científica e técnica, desenvolvemento tecnolóxico ou transferencia, ou ben a dirección de centros, instalacións ou programas e proxectos científicos durante o tempo preciso para a súa execución.

Artigo 2. Definición de entidade instrumental de investigación e transferencia

Aos efectos do previsto no presente regulamento, terán a condición de entidades instrumentais de investigación e transferencia da Universidade da Coruña:

a) Todos os organismos públicos integrados pola Universidade da Coruña e outros axentes públicos ou privados de investigación.



b) Os organismos de dereito privado cuxa dotación teña sido desembolsada total ou maioritariamente pola UDC, ou ben nos que a UDC ostente un control análogo ao que exerza sobre os seus propios servizos.

c) Os organismos de dereito privado, sen ánimo de lucro, nos que participe a Universidade da Coruña, cando exista un convenio regulador das relacións recíprocas de colaboración para a consecución de obxectivos comúns de investigación e transferencia.

Artigo 3. Ámbito subxectivo

Terán a consideración de investigadores da UDC, aos efectos previstos no presente regulamento, todo o PDI permanente que preste servizos a tempo completo ou parcial na Universidade da Coruña.

Artigo 4. Solicitud

1. Para instar a súa adscrición ás entidades instrumentais de investigación e transferencia, os investigadores da UDC iniciarán o procedemento mediante solicitude electrónica dirixida á vicerreitoría de investigación.

2. A solicitude electrónica estará dispoñible na web da UDC

3. Na solicitude deberá expresarse:

- a) A entidade instrumental á que se pretende adscribir.
- b) Memoria xustificativa da adscrición, na que se concrete o proxecto ou traballo de investigación que motiva a adscrición, así como os retornos previstos, o calendario de traballo e a posibilidade, no seu caso, de prórroga.
- c) A dedicación prevista ao proxecto ou traballo, expresada en horas semanais.

4. Coa solicitude deberá achegarse informe favorable do departamento do que dependa o investigador.

Artigo 5. Instrución e resolución da solicitude

1. Unha vez recibida a solicitude, a vicerreitoría con competencias en materia de investigación e transferencia pedirá de oficio informe á vicerreitoría competente en materia de profesorado.
2. Unha vez recibido o anterior informe, a vicerreitoría competente en materia de investigación e transferencia resolverá motivadamente o procedemento, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición que proceda, de ser o caso.
3. En ningún caso poderán autorizarse adscricións que, conxunta ou illadamente, supoñan máis dun 50% da dedicación individual do PDI, en cómputo anual.

Artigo 6. Efectos da adscrición

1. O investigador adscrito manterá integramente os dereitos e deberes inherentes á situación de servizo activo na Universidade da Coruña.
2. A adscrición terá carácter habilitante para o desenvolvemento dos labores de investigación ou dirección autorizados no centro de destino.
3. A adscrición do investigador non suporá en ningún caso alteración da carga docente prevista no Plan de Organización Docente.
4. A dedicación horaria correspondente será incorporada ao Plan de Dedicación Académica Individual (PDAI) do investigador. Aos efectos de contabilidade analítica ou de custos, o PDAI incorporará a valoración económica desa dedicación horaria.
5. A xerencia liquidará os retornos que procedan para a UDC en cada caso, de conformidade cos convenios reguladores da colaboración coa entidade instrumental e o Texto Refundido de contratos do artigo 83 (DOG nº 187, do 1 de outubro de 2013).
6. Os dereitos de explotación da propiedade intelectual e/ou industrial que se xere polo investigador no curso da adscrición corresponderalle á Universidade da Coruña nos termos previstos polo Regulamento de propiedade intelectual e industrial de 18 de xullo de 2012.

7. Os investigadores deberán facer expresa referencia á súa pertenza á Universidade da Coruña en todos os resultados das súas investigacións que sexan publicados ou comunicados publicamente.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

De conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación na web oficial da Universidade da Coruña, sen prexuízo da súa difusión no Diario Oficial de Galicia.

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento composto de 6 páxina/s numerada/s e selada/s, foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data **29 de outubro de 2013**

O secretario xeral



Asdo. *Carlos Amoedo Souto*